

III

EVOLUCIÓN E ACTUAL MODELO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

- Evolución dos modelos de financiamento
- Evolución da situación financeira do Sistema Universitario de Galicia

EVOLUCIÓN DOS MODELOS DE FINANCIAMENTO

Galicia asumiu as competencias en educación universitaria en 1987, sen embargo non é ata 1990 cando se diseña o primeiro *Plan de financiamento*. A partir dese ano pódense distinguir tres períodos:

1.- De 1990 ata 1996: etapa na que está vixente o primeiro Plan de financiamento, sendo o seu obxectivo o de financia-la segregación do Sistema Universitario Galego (SUG) e equiparalas universidades creadas recentemente coa Universidade de Santiago de Compostela.

2.- De 1997 ata 1999: etapa na que se produce unha prórroga do Plan de financiamento anterior. As Universidades reciben, en concepto de subvención corrente procedente da comunidade, a cantidade resultante de multiplica-lo mesmo número de alumnos do ano 1996 polo módulo/alumno de 1996 incrementado nun 0,36% (inferior ó IPC previsto).

Para os dous anos seguintes negociouse un acordo de financiamento entre as Universidades e

a Xunta de Galicia, que implicaba un incremento do módulo por alumno do 2,85% para 1998, aínda que se seguen a considera-los alumnos previstos pola Administración, sen incluí-los estudantes de terceiro ciclo, en lugar dos alumnos reais.

No que respecta ás transferencias para novos investimentos, mantense o compromiso de recuperar-los atrasos acumulados durante o período 1990-1996 e dótase un crédito anual de 1.500 millóns de pesetas para as tres universidades. No ano 1998 prodúcese a descentralización da xestión do investimento dende a comunidade autónoma cara ás universidades.

No que respecta á reparación, ampliación e mellora (RAM), redúcese a cifra un 20% respecto á RAM do ano 1996.

En definitiva, no período analizado pásase dun modelo de financiamento formal mediante fórmulas baseadas nos Alumnos Equivalentes a Tempo Completo (AETC) á ausencia dun modelo de financiamento ou a un modelo de financiamen-

to baseado na negociación entre Universidades e Administración de carácter incrementalista, xa que, na práctica, o acordo establece a actualización dos fondos en base ó IPC máis unha marxe adicional.

3.- De 2000 ata 2003: fase na que se establece o *Acordo de financiamento do sistema universitario de Galicia. Programa 2000-2003* entre a Consellería de Economía e Facenda e as tres Universidades de Galicia.

O actual acordo de financiamento 2000-2003 caracterízase basicamente polos seguintes aspectos, que fan referencia fundamentalmente á determinación das transferencias correntes:

- Baséase no **custo por crédito impartido**, en función do grao de experimentalidade da titulación e do ciclo educativo, sendo esta unha unidade cuantificable e homoxénea para todo tipo de estudos.

- Para compensa-la posible caída na subvención provocada polo descenso no número de alumnos, establécese unha **cláusula de seguridade**, de forma que as universidades non poderán percibir unha cantidade inferior á percibida no ano 1999 axustada de acordo á inflación.

- Os **sexenios de investigación** non están incorporados pero son financiados pola Administración autonómica a partir do ano 2001, en función dos sexenios que se certifiquen.

Estes custos, igual que acontece con outras partidas do orzamento universitario como as exencións por familia numerosa e por cualificacións, son coñecidos como custos sobrevidos, xa que teñen que ser asumidos pola universidade malia obedecer a unha normativa estatal.

No **custo por crédito impartido** poden distinguirse dous compoñentes:

1.- O compoñente volume.- O modelo parte dos créditos demandados polos alumnos (CD) e calcula o número de créditos impartidos ou ofertados (CI) dividindo os créditos demandados polo

tamaño dos grupos. A variable tamaño dos grupos depende de dous factores:

- Do grao de experimentalidade das titulacións. O SUG optou por clasificar as titulacións en catro grupos atendendo ó seu grao de experimentalidade. O coeficiente de experimentalidade (ce) determínase como unha media ponderada que multiplica os grupos prácticos e de laboratorio existentes por cada grupo teórico, polo peso asignado a cada tipo de grupo.

- Do ciclo educativo. Este inflúe de dúas formas: por un lado, determina o grao de operatividade (o), é dicir, qué porcentaxe representan os créditos elixidos polo alumno sobre o total de créditos que ten que cursar. Estímase un 10% para o primeiro ciclo e un 20% para o segundo ciclo. Por outro lado, establece que o tamaño medio dun grupo será de 125 alumnos para o primeiro ciclo e de 75 para o segundo ciclo.

2. O compoñente custo.- O modelo calcula o custo de cada crédito impartido como a suma do custo do Persoal Docente e Investigador (PDI), do custo do Persoal de Administración e Servizos (PAS) e do custo de bens e servizos (BeS).

$$\text{Custo crédito impartido} = \text{Custo PDI} + \text{Custo PAS} + \text{Custo BeS}$$

Para determina-lo custo do Persoal Docente e Investigador (**PDI**) pártase da estrutura real de PDI de cada universidade e calcúlase o total de profesores universitarios por categoría para o SUG. Posteriormente distribúese o profesorado entre o primeiro e segundo ciclo de acordo cos criterios establecidos polo plan, calculándose así a estrutura de PDI de cada ciclo. Unha vez coñecida a estrutura teórica de PDI de cada ciclo só queda coñecer os custos asociados a esa estrutura. Distinguindo as distintas categorías nas que se divide o persoal docente investigador, o custo asociado a cada unha delas virá determinado polo resultado de multiplicar o número de PDI de cada categoría pola retribución básica e polo complemento salarial asociado a cada categoría.

O modelo pretende vincular os custos ó cré-

dito impartido. Por iso, coñecendo as horas lectivas que semanalmente ten que impartir cada profesor, e como o modelo supón que cada hora de docencia equivale a 3 créditos anuais, obtéñense os créditos que impartirá cada categoría de PDI. Se de novo se multiplica o número de PDI dun ciclo formativo polos créditos que lle corresponden obtense os créditos que se impartirán no primeiro e segundo ciclo. Como xa se coñece o custo do PDI asociado a cada ciclo formativo e o número de créditos impartidos, calcúlase o custo de PDI por crédito impartido para cada ciclo formativo.

Para calcula-lo custo medio por Persoal de Administración e Servicios (**PAS**) para todo o SUG, súmase o total de PAS e o custo que estes representan ó ano, incluíndo as cotas á Seguridade Social; coñecendo o número de PAS que se precisan para impartir un crédito, o que depende fundamentalmente do grao de experimentalidade, obtense o custo do PAS por crédito multiplicando os PAS necesarios por crédito polo custo medio do PAS.

No terceiro sumando, dentro do custo de Bens e Servicios (**BeS**) distínguense tres partidas:

- a) Unha primeira asociada ó crédito impartido

do (CI), que estima unha cantidade de 240,4 euros por crédito impartido.

- b) Unha segunda asociada ó PDI necesario para impartir un crédito, que establece un importe de 600 euros por PDI.

- c) Unha terceira asociada ó estudante, xa que o sistema outorga 96,16 euros por alumno.

Respecto ás *subvencións por transferencias de capital*, o Plan de financiamento establece os recursos necesarios para remata-las obras en curso adecuándoos á execución real das mesmas. A construción de novas infraestruturas abarcaría o 50% dos recursos totais, polo que estes fondos destínanse, en boa parte, cara ás universidades de máis recente creación, o que determina unhas transferencias de capital superiores para a UDC e a UVI.

En definitiva, o modelo de financiamento do Sistema Universitario Galego prevé:

- a) A subvención corrente e de capital realizada pola Comunidade Autónoma.

- b) Os recursos propios, que debería de captala universidade.

- c) Os sexenios de investigación, que financiará o Goberno autonómico. ■

EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A partir dos datos proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, neste apartado tratarase de analizar, en primeiro lugar, dun xeito cuantitativo a evolución do número de alumnos e dos ingresos e gastos nas tres universidades galegas e do nivel das actividades de I+D en Galicia; para finalmente, ter en conta os fondos recibidos polo Sistema Universitario Galego (SUG) da Comunidade Autónoma no período 2000-2003 en valores absolutos así como en relación ó PIB rexional.

Nivel educativo da poboación

O nivel educativo da poboación galega pode deducirse do datos recollidos no **cadro 3.1.**, que nos indica que no ano 2002 o 25,5% da poboación activa son persoas cun nivel de estudos primarios, que un 48,6% teñen a educación secundaria, e que un 25,7% da poboación activa posúe estudos superiores. A porcentaxe de persoas cualificadas como “analfabetas” é do 0,1%.

Atendendo ós datos do *Segundo Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* da Comisión Europea, o 63,4% da poboación galega entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción considerado como escaso, mentres que o nivel de instrucción para un 14,6% da poboación é medio e para un 22,0% é considerado como elevado. Tal e como reflicte o **cadro 3.2.**, no conxunto do Estado, o nivel de instrucción é escaso para o 57,6% da poboación considerada, sendo estas porcentaxes do 17,6% e 24,9% no caso dos niveis de instrucción medio e elevado.

Na Unión Europea (UE-15), o 34,2% da poboación entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción escaso, sendo esta porcentaxe do 43,5% no caso do nivel medio e do 22,3% para o nivel elevado de instrucción. Cómpre salientar que a rexión norte de Portugal presenta unhas porcentaxes que difiren da situación descrita para o caso galego, xa que o 82,8% da poboación considerada presenta un nivel de instrucción considerado como escaso, mentres que este nivel é considerado como

CADRO 3.1.

Mercado de traballo 2002: principais datos segundo sexo e nivel de estudos terminados

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación parada	Taxa de paro	Taxa de actividade
	(en miles de persoas)			(%)	
Total	1.220,4	1.072,2	148,3	12,2	51,4
Analfabetos	1,6	1,6	-	2,4	3,2
Estudios primarios	311,8	287,5	24,3	7,8	31,1
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	374,0	326,4	47,7	12,7	67,5
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	219,7	184,4	35,3	16,1	58,8
Educación superior (3)	313,3	272,3	41,0	13,1	80,2
Homes	704,5	646,7	57,7	8,2	62,2
Analfabetos	1,1	1,0	-	3,6	8,0
Estudios primarios	187,1	173,5	13,7	7,3	42,2
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	240,2	218,6	21,6	9,0	79,3
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	118,1	107,3	10,7	9,1	64,6
Educación superior (3)	158,0	146,3	11,7	7,4	83,5
Mulleres	515,9	425,5	90,5	17,5	41,6
Analfabetos	0,6	0,6	-	-	1,5
Estudios primarios	124,6	114,0	10,6	8,5	22,3
Educación secundaria. Primeira etapa (1)	133,8	107,8	26,0	19,5	53,2
Educación secundaria. Segunda etapa (2)	101,6	77,1	24,6	24,2	53,3
Educación superior (3)	155,3	126,0	29,3	18,9	77,0

(1) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente.

(2) Inclúe a formación e inserción laboral correspondente con ou sen título de estudos secundarios de 2ª etapa.

(3) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de primeiro, segundo e terceiro ciclos e os estudos oficiais de especialización profesional.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

CADRO 3.2.

Nivel de instrucción da poboación nas CC.AA., Unión Europea e Rexión Norte de Portugal 2001

	Escaso	Medio	Elevado
	(% de poboación entre 25 e 59 anos)		
Andalucía	64,5	15,2	20,3
Aragón	54,2	18,4	27,4
Asturias	58,4	19,7	21,9
Baleares	60,2	21,9	17,9
Canarias	61,4	18,8	19,7
Cantabria	53,9	20,3	25,8
Castela e León	54,9	19,2	25,9
Castela - A Mancha	67,0	14,8	18,3
Cataluña	55,1	18,7	26,3
C. Valenciana	62,9	15,6	21,4
Extremadura	68,6	14,2	17,2
Galicia	63,4	14,6	22,0
Madrid	45,5	20,2	34,3
Murcia	60,8	16,6	22,6
Navarra	48,3	18,0	33,7
País Vasco	45,0	19,9	35,1
Rioxa	56,2	17,8	26,1
Ceuta e Melilla	50,7	26,5	22,8
España	57,6	17,6	24,9
Unión Europea (UE-15)	34,2	43,5	22,3
Unión Europea (UE-25)	30,7	48,7	20,6
Rexión Norte de Portugal	82,8	9,5	7,7

Fonte: Comisión Europea, *Segundo Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social*

CADRO 3.3.

Alumnado nas universidades públicas galegas 1999-2003

	Curso 1999-00	Curso 2000-01	Curso 2001-02	Curso 2002-03
Universidade de Santiago				
Campus de Santiago	30.881	29.467	28.025	26.176
Campus de Lugo	10.790	10.613	9.449	8.479
Total	41.671	40.080	37.474	34.655
Variación (%)		-3,8	-6,5	-7,5
Universidade de A Coruña				
Campus da Coruña	21.898	21.973	21.740	21.265
Campus de Ferrol	4.250	4.062	4.042	4.091
Total	26.148	26.035	25.782	25.356
Variación (%)		-0,4	-1,0	-1,7
Universidade de Vigo				
Campus de Vigo	20.095	18.962	18.356	17.153
Campus de Ourense	7.620	7.432	7.187	6.719
Campus de Pontevedra	3.231	3.360	3.530	3.569
Total	30.946	29.754	29.073	27.441
Variación (%)		-3,9	-2,3	-5,6
Total alumnos SUG	98.765	95.869	92.329	87.452

Fonte: Fundación Caixagalicia-CIEF, A economía galega. Informe 2002

medio e elevado nun 9,5% e 7,7%, respectivamente.

En relación ó gasto en I+D en Galicia, cabe destacar que a porcentaxe de gasto en I+D en relación ó PIB en Galicia no ano 2001 foi do 0,70%, sendo a media estatal do 0,96%; representando as institucións de ensino superior o 56,6% dos gastos internos totais en I+D de Galicia no citado ano e o 80% do persoal empregado en actividades de I+D.

No que respecta á evolución do **número de alumnos** matriculados nas tres universidades do SUG, o **cadro 3.3.** mostra como entre os cursos 1999-2000 e 2002-2003 o conxunto de alumnos matriculados no SUG reduciuse nun 11,45%, esta redución das matriculacións afecta ás tres universidades galegas, en especial á de Santiago onde o número de alumnos reduciuse no período sinalado nun 15,24%, e a tódolos campus galegos, agás o campus de Pontevedra onde no citado período o número de matriculacións incrementouse nun 10,46%.

Valoración dos ingresos e gastos das universidades

Para realizar unha valoración dos ingresos e gastos das tres universidades galegas é necesario unha previa descrición do contido dos seus diferentes capítulos orzamentarios.

INGRESOS

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Polo que respecta ó capítulo III, de prezos públicos e outros ingresos similares, o groso do mesmo ven dado polos prezos públicos por servizos académicos, que teñen un carácter de libre dispoñibilidade.

Os prezos por servizos académicos referidos ós estudos oficiais son fixados pola Comunidade Autónoma –dentro dos límites fixados polo Consejo de Coordinación Universitaria-, na súa contía individual e no seu incremento anual, non tendo as universidades capacidade algunha de decisión sobre os mesmos. No caso galego estes prezos están moi lonxe dos límites máximos preestablecidos. O montante total recadado por este concepto esta directamente relacionado co número de alumnos matriculados e a súa evolución.

Tamén se integran neste capítulo III os ingresos pola formación continua -cursos de posgrao e especialización- onde as universidades si teñen autonomía na súa fixación, se ben debe terse en conta que na práctica os ingresos por este concepto tan só cobren os gastos adicionais nos que se incorre ó prestar ditos servizos.

O resto de ingresos deste capítulo, no que se

integran os ingresos por prestación de servicios –investigación, servicios de residencias, deportes, etc.–, venta de bens e outros ingresos diversos, se ben son teoricamente ingresos non condicionados, na práctica teñen un carácter finalista ó estar asociados a accións específicas que xeran gasto adicional.

Resulta moi importante ó valorar os ingresos do capítulo III ver en que medida as universidades prestan determinados servicios –sobre todo de investigación e servicios ós estudantes–, que poden distorsionar a comparativa. Sirva como exemplo dicir que nos últimos anos case o 50% dos ingresos recoñecidos pola USC neste capítulo xa non proceden dos prezos públicos por servicios académicos –excluídos os referidos a formación continua–, senón do resto de conceptos integrados no mesmo.

Capítulo IV. Transferencias correntes

Dentro do capítulo de transferencias correntes debemos diferenciar entre as transferencias que non teñen un carácter finalista e, polo tanto, sobre as que as universidades teñen libre dispoñibilidade, do resto de transferencias que dunha ou outra forma teñen unha finalidade asignada. Entre as primeiras temos a transferencia do acordo de financiamento e a transferencia asociada o acordo de equilibrio orzamentario –so anos 2001 a 2003–; destacando entre as segundas as transferencias por Sexenios, convenio co Sergas para o pagamento do seu persoal, accións de promoción de emprego da Consellería de Familia, diversos convenios, etc.

A transferencia corrente derivada do Acordo de Financiamento actualmente vixente é o único recurso público non finalista dedicado o financiamento das universidades. A súa cuantificación tan só ten en conta a función de docencia desenvolvida por elas e relaciona o custo de dita docencia co número de créditos impartidos –alumnos matriculados–, asumindo só o 75% de custo estimado para dita docencia.

Temos de novo que analizar polo miúdo os compoñentes deste capítulo para coñecer a verdadeira autonomía financeira coa que contan as uni-

versidades, a marxe do seu montante total. Un exemplo, a USC na medida que ten mais sexenios recoñecidos –polo consolidado do seu cadro de persoal–, e tramita os pagamentos ós profesores que prestan servicios no Sergas, recoñece neste capítulo ingresos superiores o resto das universidades galegas por importe duns 6 millóns de euros.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Os ingresos patrimoniais veñen dados fundamentalmente por xuros e concesións administrativas, tendo, salvo excepcións puntuais, escaso peso no conxunto de ingresos.

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais

Recóllense neste capítulo os ingresos por operacións de alleamento de inmovilizado, estando asociados normalmente destes ingresos, cando teñen unha importancia significativa, a operacións de investimento ás que se dedican os recursos obtidos por esta vía.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Os ingresos por transferencias de capital teñen un carácter finalista asociado a realización de investimentos, renovacións, ampliacións e melloras ou ó desenvolvemento de proxectos de investigación.

Distínguense así fundamentalmente tres tipos de ingresos por transferencias de capital:

- Ingresos asociados á realización de novos investimentos: procedentes fundamentalmente da Administración Autonómica, outras Administracións e a convocatoria do FEDER (neste caso so para investimentos en edificios e infraestrutura asociados á investigación).

- Ingresos para a renovación, ampliación e mellora dos investimentos existentes: procede da Comunidade Autónoma e foi fixada para o período de vixencia do Acordo de Financiamento.

- Ingresos asociados a proxectos de investigación ou adquisición de infraestrutura científica: proceden da administración Autonómica, Central ou Europea e acádanse maioritariamente en convocatorias competitivas. A solicitude destes ingre-

os faise tendo en conta tan só os custos engadidos do desenvolvemento dos proxectos de investigación, sen ter en conta os gastos xerais nos que incorre a universidade no que se desenvolven. No caso das infraestructuras soamente financian a súa adquisición, non o seu mantemento.

Capítulo VIII. Variación de activos financeiros

Nos ingresos recoñecidos en concepto de variación de activos financeiros as universidades recollen os remanentes de tesourería, que acadan magnitudes significativas o integrar ó conxunto de ingresos finalistas non executados durante o exercicio precedente e que se incorporan ó exercicio seguinte para financiar os gastos ós que están asociados.

Os remanentes de tesourería presentan cifras significativas nas universidades ó recoller os ingresos derivados de proxectos de investigación, cursos de posgrao, e determinados conceptos do orzamento de centros e departamentos que non son executados nun exercicio e que se poden incorporar ó seguinte.

A existencia e a operativa dos remanentes de tesourería nas universidades presenta a posibilidade de que unha universidade presente déficits ou superávits (capítulos 1 a 7 de ingresos menos capítulos 1 a 7 de gastos), que deben ser postos en relación co saldo neto de ditos remanentes de tesourería.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

O capítulo de variación de pasivos financeiros recolle os ingresos por préstamos. Debemos de ter en conta que nos últimos anos as universidades veñen recibindo axudas do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para o financiamento do Parque Tecnolóxico de Galicia artelladas mediante préstamos reintegrábeis a interese cero.

GASTOS

Capítulo I. Gastos de persoal

No capítulo I de gastos de persoal recóllense o conxunto de obrigas que as universidades recoñecen en concepto de retribucións, seguridade

social, acción social, formación, etc., en relación co seu persoal docente e de administración e servizos.

Debe ser destacado que, a especial estrutura das universidades en tanto que prestadoras de servizos de docencia e investigación, fai que o capítulo de gastos de persoal sexa, con diferenza, o que representa maior peso porcentual sobre o total de gastos. Asemade, resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos de persoal que levan asociado directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación, os pagamentos realizados o abeiro do concerto entre a USC e o Sergas ou os asociados a determinados convenios –complementos retributivos no futuro–, do resto de gastos de persoal que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispoñen as universidades.

Ó analizar os gastos de persoal que deben ser asumidos polas universidades cos seus recursos propios deben terse en conta os seguintes aspectos:

- A normativa que regula as retribucións no ámbito das universidades non é competencia destas senón que deben aplicar as normas ou os acordos acadados no ámbito da administración Autonómica ou Estatal. Normalmente, a obriga de aplicar normas ou acordos que conlevaran incrementos de retribucións na práctica non vai acompañada das correspondentes compensacións ás universidades.

- As universidades deben sufragar con recursos propios trienios ó conxunto do persoal e quinquenios ó seu persoal docente.

- As promocións do persoal supón incrementos de custo importantes.

- Non existe unha relación directa entre a categoría da praza-custo da praza e a carga de obrigas docentes. Un asociado a tempo parcial –P6–, ten unha obriga similar de carga docente en primeiro e segundo ciclo á dun catedrático, e custa aproximadamente a cuarta parte daquel.

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

O capítulo de gastos en bens correntes e servizos recolle nas universidades os gastos típicos

CADRO 3.4.

Ingresos e gastos da Universidade de Santiago de Compostela 2001-02

Capítulos	2001		€/NºEstud.	2002
	(en miles de €)	(%)		(en miles de €)
Ingresos	167.404,9	100,0	4.333,0	160.083,8
III Prezos públicos e outros ingresos	38.712,8	23,1	1.002,0	36.429,3
IV Transferencias correntes	100.875,7	60,3	2.611,0	96.499,5
V Ingresos patrimoniais	721,8	0,4	18,7	480,8
Total ingresos correntes	140.310,3	83,8	3.631,7	133.409,6
VI Alleamento de investimentos reais	6.017,6	3,6	155,8	6.010,1
VII Transferencias de capital	21.075,8	12,6	545,5	20.664,1
Total ingresos de capital	27.093,4	16,2	701,3	26.674,2
VIII Variación de activos financeiros	1,2	0,001	-	-
IX Variación de pasivos financeiros	-	-	-	-
Total ingresos financeiros	1,2	0,001	-	-
Gastos	164.711,7	100,0	4.263,2	160.083,8
I Gastos de persoal	94.515,6	57,4	2.446,4	95.805,4
II Compra de bens e servicios	20.527,6	12,5	531,3	18.720,1
III Gastos financeiros	339,7	0,2	8,8	318,5
IV Transferencias correntes	4.629,9	2,8	119,8	3.672,2
Total gastos correntes	120.012,8	72,9	3.106,3	118.516,2
VI Investimentos reais	44.042,7	26,7	1.140,0	40.914,9
VII Transferencias de capital	-	-	-	-
Total gastos de capital	44.042,7	26,7	1.140,0	40.914,9
VIII Variación de activos financeiros	461,2	0,3	11,9	457,7
IX Variación de pasivos financeiros	195,0	0,1	5,0	195,0
Total gastos financeiros	656,2	0,4	16,9	652,7
Transferencia corrente da Comunidade Autónoma	2001	Trans./Ingr.	€/NºEstud.	2002
		(%)		
Transferencia corrente CA: Subvención incondicionada (Acordo de financiamento)	89.130,1	53,2	2.307,0	89.252,1

Fonte: Fundación Caixagalicia-CIEF, A economía galega. Informe 2002

deste capítulo no resto de administracións. Soamente debe destacarse que os gastos asociados a formación continua –cursos de posgrao e especialización-, que contan con financiamento propio recóllense como gasto neste capítulo. Non se recollen aquí os gastos dos servizos de investigación que se ben se orzamentan como ingresos no capítulo III recóllense como gasto no capítulo VI.

Capítulo III. Gastos financeiros

Gastos por xuros de préstamos, créditos, avais e comisións.

Capítulo IV. Transferencias correntes

Nos gastos por transferencias correntes recóllese o conxunto de axudas para gastos correntes que as universidades prestan a entidades, organismos ou persoas externas, tanto da comunidade universitaria como externas á mesma. Destacan neste senso as bolsas de investigación e as axudas ó custo de determinados servizos prestados polas propias universidades que son traspasadas como ingresos ó capítulo III.

Capítulo VI. Investimentos reais

No capítulo de investimentos reais se integran os seguintes conceptos:

- Investimentos novos en edificios, infraestrutura e equipamento, financiados normalmente con transferencias de capital finalistas.

- Gastos derivados da execución dos proxectos de investigación e dos servizos e convenios de investigación. A diferenza entre proxectos de investigación e servizos ou convenios de investigación ven dada polo feito de que os primeiros están relacionados con convocatorias competitivas.

- Gastos relacionados coa investigación, como son os gastos de funcionamento dos departamentos –realmente gastos correntes- e adquisicións bibliográficas.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Teñen un carácter marxinal e correspóndense con conceptos habituais neste capítulo noutras administracións.

CADRO 3.5.

Ingresos e gastos da Universidade de A Coruña 2001-02

	2001		€/NºEstud.	2002
	(en miles de €)	(%)		(en miles de €)
Ingresos	88.095,1	100,0	3.781,9	84.192,7
III Prezos públicos e outros ingresos	15.859,5	18,0	680,8	14.762,1
IV Transferencias correntes	52.502,3	59,6	2.253,9	56.007,4
V Ingresos patrimoniais	378,9	0,4	16,3	390,7
Total ingresos correntes	68.740,7	78,0	2.951,0	71.160,2
VI Alleamento de investimentos reais	-	-	-	-
VII Transferencias de capital	19.147,2	21,7	822,0	10.688,5
Total ingresos de capital	19.147,2	21,7	822,0	10.688,5
VIII Variación de activos financeiros	207,2	0,235	8,9	2.344,0
IX Variación de pasivos financeiros	-	-	-	-
Total ingresos financeiros	207,2	0,235	8,9	2.344,0
Gastos	83.662,5	100,0	3.591,6	84.192,6
I Gastos de persoal	48.662,7	58,2	2.089,1	51.852,3
II Compra de bens e servizos	12.375,6	14,8	531,3	11.173,1
III Gastos financeiros	0,6	0,0	-	0,6
IV Transferencias correntes	1.825,6	2,2	78,4	1.672,5
Total gastos correntes	62.864,5	75,1	2.698,8	64.698,5
VI Investimentos reais	20.413,6	24,4	876,3	19.403,9
VII Transferencias de capital	210,4	0,3	9,0	90,2
Total gastos de capital	20.624,0	24,7	885,3	19.494,1
VIII Variación de activos financeiros	174,0	0,2	7,5	-
IX Variación de pasivos financeiros	-	-	-	-
Total gastos financeiros	174,0	0,2	7,5	-
Transferencia corrente da Comunidade Autónoma	2001	Trans./Ingr.	€/NºEstud.	2002
		(%)		
Transferencia corrente CA: Subvención incondicionada (Acordo de financiamento)	50.737,4	57,6	2.178,1	53.052,8

Fonte: Fundación Caixagalicia-CIEF, A economía galega. Informe 2002

Capítulo VIII. Variación de activos financeiros

Teñen un carácter marxinal e correspóndense con conceptos habituais neste capítulo noutras administracións.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Amortización de préstamos recibidos.

•

Os cadros 3.4., 3.5. e 3.6. mostran os orzamentos de gastos e ingresos desagregados por capítulos para a Universidade de Santiago, a Universidade de A Coruña e para a Universidade de Vigo.

No que atinxe ós ingresos, e tendo en conta os orzamentos iniciais do ano 2002, a partida cuantitativamente máis importante nas tres Universidades galegas, son as transferencias correntes. Na Universidade de Santiago as transferencias correntes supoñen o 60,3% do total de ingresos, o

92,5% das citadas transferencias teñen o carácter de subvención incondicionada, incluídas no acordo de financiamento. Na Universidade de A Coruña as transferencias correntes supoñen o 66,5% do total de ingresos do ano 2002, das que o 94,7% son subvención incondicionada incluída no acordo de financiamento, e, finalmente, na Universidade de Vigo as transferencias correntes supoñen o 63% do total de ingresos do dito ano, das que o 98,3% están incluídas no acordo de financiamento.

No que respecta ós gastos, o peso relativo do total do gasto (orzamentos liquidados) do SUG sobre o PIB rexional a prezos de mercado representaba o 0,98% no ano 2001. Nas tres Universidades galegas a partida de gastos cuantitativamente máis importante son os gastos correntes, e, en concreto, os gastos de persoal. O volume total de subvención incondicionada incluída no acordo de financiamento cubre o 75,3%, o 60,6% e o 61,9% do total de gastos correntes das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo respectivamente.

CADRO 3.6.

Ingresos e gastos da Universidade de Vigo 2001-02

Capítulos	2001		€/NºEstud.	2002
	(en miles de €)	(%)		(en miles de €)
Ingresos	86.660,9	100,0	3.215,9	98.959,5
III Prezos públicos e outros ingresos	16.214,0	18,7	601,7	12.427,4
IV Transferencias correntes	58.880,6	67,9	2.185,0	62.340,0
V Ingresos patrimoniais	2.289,7	2,6	85,0	1.113,1
Total ingresos correntes	77.384,3	89,3	2.871,7	75.880,5
VI Alleamento de investimentos reais	-	-	-	-
VII Transferencias de capital	9.235,1	10,7	342,7	9.527,1
Total ingresos de capital	9.235,1	10,7	342,7	9.527,1
VIII Variación de activos financeiros	41,5	0,048	1,5	11.480,0
IX Variación de pasivos financeiros	-	-	-	2.071,9
Total ingresos financeiros	41,5	0,048	1,5	13.551,9
Gastos	102.441,5	100,0	3.801,5	98.959,4
I Gastos de persoal	55.039,0	53,7	2.042,4	60.997,5
II Compra de bens e servicios	12.254,7	12,0	454,8	12.230,5
III Gastos financeiros	7,1	0,0	0,3	19,1
IV Transferencias correntes	2.402,6	2,3	89,2	2.350,5
Total gastos correntes	69.703,4	68,0	2.586,7	75.597,6
VI Investimentos reais	29.303,4	28,6	1.087,4	23.271,6
VII Transferencias de capital	3.328,3	3,2	123,5	-
Total gastos de capital	32.631,7	31,9	1.210,9	23.271,6
VIII Variación de activos financeiros	106,4	0,1	3,9	90,2
IX Variación de pasivos financeiros	-	-	-	-
Total gastos financeiros	106,4	0,1	3,9	90,2
Transferencia corrente da Comunidade Autónoma	2001	Trans./Ingr.	€/NºEstud.	2002
		(%)		
Transferencia corrente CA: Subvención incondicionada (Acordo de financiamento)	58.196,0	62,2	2.159,6	61.308,3

Fonte: Fundación Caixagalicia-CIEF, A economía galega. Informe 2002

CADRO 3.7.

Financiamento público autonómico directo do SUG 2000-2003

	Programa de Financiamento				Outras achegas Cillería Edc.	Outras achegas Cillerías	Total	%PIB
	Subvención incondicionada	Investimentos	R.A.M	Total				
	(miles €)							
2000	189.906,9	18.751,6	4.998,4	213.656,9	4.327,5	23.816,0	241.800,4	0,72
2001	198.063,5	14.845,0	4.998,4	217.906,9	7.134,3	23.729,5	248.770,7	0,69
2002	203.613,1	12.380,9	5.048,5	221.042,5	8.524,9	26.343,1	255.910,5	0,67
2003	207.685,4	12.380,9	5.048,5	225.114,7	8.695,7	-	-	-

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Titulacións do sistema universitario de Galicia ; IGE


O **cadro 3.7.** mostra os fondos recibidos polo SUG da Comunidade Autónoma no período 2000-2003, distinguindo os fondos recibidos no marco do Programa de Financiamento (subvencións incondicionadas, investimentos e R.A.M.) e os fondos enmarcados na denominación de outras achegas.

No que respecta ós fondos do Programa de Financiamento, no período 2000-2003, estes incrementáronse nun 5,4%, pasando de 213,6 millóns de euros no ano 2000 a 225,1 millóns de euros no ano 2003. Dentro do Programa de Finan-

ciamento o maior incremento dase na partida de subvencións incondicionadas, que no período sinalado, incrementábase nun 9,4% pasando de 189,9 millóns de euros no ano 2000 a 207,7 millóns de euros no ano 2003; este incremento contrasta coa redución do 34% que experimentan ós investimentos, que pasan de 18,7 millóns de euros no ano 2000 a 12,4 millóns de euros no ano 2003.


Para obter o volume total dos fondos recibidos polo SUG da Comunidade Autónoma, ós fondos analizados do Programa de Financiamento hai

GRÁFICO 3.1.



Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, *Titulacións do sistema universitario de Galicia* ; IGE

GRÁFICO 3.2.



Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, *Titulacións do sistema universitario de Galicia* ; IGE

que sumarlles os recibidos por outros conceptos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que ascenderon no ano 2003 a 8,7 millóns de euros, un 100,9% máis que no ano 2000, así como os fondos recibidos polo SUG de outras Consellerías que no ano 2002 ascenderon a 26,3 millóns de euros. O total de fondos recibidos polo SUG da Comunidade Autónoma no ano 2002 financian o 74,6% do seu orzamento de gastos.

O **gráfico 3.1.** recolle a evolución do financiamento público autonómico directo do SUG entre 2000 e 2002 en porcentaxe sobre o PIB p.m.

Obsérvase unha caída desde o 0,72% ata ó 0,67% do PIB galego.

O **gráfico 3.2.** mostra a evolución do peso relativo dos fondos recibidos en función do Programa de Financiamento polo SUG sobre o PIB rexional a prezos de mercado.

Neste gráfico obsérvase unha redución do citado peso relativo, que pasa de representar o 0,64% do PIB rexional no ano 2000 ó 0,58% no ano 2002. ■

